

“A XUVENTUDE MÓVESE”

CURSO DE XESTIÓN DE PROXECTOS DE PARTICIPACIÓN XUVENIL

Eurocidade Chaves-Verín, 3-4-10-11 de decembro de 2011

No marco das accións previstas dentro do proxecto Eurocidade Chaves-Verín, cofinanciado polo Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado co apoio do Instituto Português da Juventude, en coordinación co Concello de Verín e a Cámara municipal de Chaves organizan este **Curso de Xestión de Proxectos de Participación Xuvenil** denominado **“A Xuventude Móvese”**.

FINALIDADE

Compartir diferentes estratexias prácticas para o traballo coa mocidade a través do programa “Xuventude en Acción”. Cunha metodoloxía dinámica e participativa, preténdese dotar aos participantes de recursos, ferramentas e materiais para impulsar a aprendizaxe non formal dende as súas organizacións, e que o traballo cos mozos e mozas sexa máis áxil e eficaz.

OBXECTIVOS

- Fomentar o intercambio de experiencias entre colectivos e dinamizadores/as xuvenís da Eurocidade Chaves-Verín
- Favorecer a cooperación e o traballo en rede entre entidades de Galicia e o Norte de Portugal.
- Facilitar un espazo de encontro para a reflexión en torno á aprendizaxe non formal con mozos e mozas.
- Promover a participación xuvenil a través de proxectos no ámbito do programa “Xuventude en Acción”

PERFIL DOS/DAS PARTICIPANTES: O curso está dirixido a mozos/as, trabaxadores/as e voluntarios/as de organizacións de Galicia e o Norte de Portugal, que estean traballando ou queiran traballar con mozos e mozas a través da aprendizaxe non formal no marco da calidade europea.

NÚMERO DE PRAZAS: 26 participantes, 13 procedentes de Galicia e 13 do Norte de Portugal.

DATAS: 3, 4, 10 e 11 de decembro de 2011.

HORARIO: De 10h00 a 14h00 e de 15h30 a 21h30 (horario español)

LUGAR: O curso celebrarase un fin de semana en Chaves e outro en Verín (espazos a confirmar)

PROCEDEMENTO, PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/As participantes interesados/as deberán enviar por correo electrónico a súa ficha de inscrición, completamente cumprimentada, ao enderezo electrónico xuventude@xunta.es, **antes do 28 de novembro**.

Realizarase unha selección dos/as participantes interesados/as, ponderando a súa pertenza a algunha organización (formal ou informal), que traballe con colectivos xuvenís -preferiblemente da Eurocidade

Chaves-Verín-, e o seu interese na promoción e realización de novos proxectos europeos de participación xuvenil entre Galicia e o Norte de Portugal.

Aos/As participantes seleccionados/as seralles notificada a súa inscrición definitiva o 30 de novembro.

FINANZAMENTO: O curso é gratuíto, e inclúe o xantar de cada o día de curso, e un medio de transporte entre Chaves e Verín ao inicio e ao remate de cada xornada.

ACREDITACIÓN: Á finalización do curso, os/as participantes que asistiran a un mínimo do 80% das horas lectivas, recibirán un diploma acreditativo, recoñecido e asinado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o Instituto Português da Juventude.

“A XUVENTUDE MÓVESE”

CURSO DE XESTIÓN DE PROXECTOS DE PARTICIPACIÓN XUVENIL

Eurocidade Chaves-Verín, 3-4-10-11 de decembro de 2011

Ficha de inscrición

Nome e apelidos:

Enderezo /Morada:

E-mail:

Teléfono Fixo:

Teléfono Móbil / Telemóvil:

Pertence a algún colectivo ou entidade (pública ou privada)? Si/Sim Non/Não

En caso afirmativo, a cal/ a qual?

Describe brevemente o teu traballo ou o da túa entidade con colectivos xuvenís:

Indica as túas expectativas ou as da túa organización con respecto a este curso:

Remitir a ficha de inscrición debidamente cumprimentada por correo electrónico, a xuventude@xunta.es, antes do 28 de novembro.